

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

CIFP DE CANTERÍA DE GALICIA

Plan de Convivencia

Curso 2025-26

Índice

1	INTRODUCCIÓN.....	3
	1.1 MARCO NORMATIVO.....	3
	1.2 ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	4
	1.3 AXENTES RESPONSABLES.....	4
	1.3.1 Consello Social.....	4
	1.3.2 Claustro.....	4
	1.3.3 Comisión de Convivencia.....	4
	1.3.4 Equipo Directivo.....	5
	1.3.5 Órganos de coordinación docente.....	6
	1.3.6 Coordinación de bienestar e convivencia.....	6
	1.3.7 Familias e institucións.....	7
	1.4 SENSIBILIZACIÓN.....	7
2	CONTEXTO E ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO.....	7
	2.1 Contexto.....	7
	2.1.1 O centro: historia actualidade do CIFP.....	7
	2.1.2 Obxectivos , funcións e actividades.....	8
	2.1.3 Oferta educativa, profesorado e alumnado.....	8
	2.2 Análise da convivencia e clima de centro formativo.....	9
3	OBXECTIVOS DO PLAN.....	9
	3.1 FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.....	9
	3.2 OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS.....	10
4	ACTUACIÓN E MEDIDAS.....	11
	4.1 ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	11
	4.2 ACTUACIÓN.....	12
	4.2.1 Para garantir a Participación.....	12
	4.2.2 Para garantir a Divulgación.....	12
	4.2.3 Materiais de traballo e protocolos.....	13
	4.3 MEDIDAS OU PROGRAMAS.....	13
	4.4 PROTOCOLO ANTE O ACOSO ESCOLAR.....	14
	4.4.1 Identificación do acoso escolar e ciberacoso e tipos.....	14
	Criterios de identificación de acoso escolar.....	14
	Tipos de acoso escolar.....	15
	4.4.2 Consecuencias do acoso escolar.....	16
	4.4.3 Prevención.....	16
	4.4.4 Detección.....	16
5	DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	16
6	SEGUIMIENTO DO PLAN.....	17
7	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E A CONCRECIÓN DE PROPOSTAS DE MELLORA.....	17
	7.1 Avaliación e revisión.....	17
	7.2 Propostas de mellora e actualización.....	17

1 INTRODUCCIÓN

O Plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar no CIFP de Cantería, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades, dentro dos principios democráticos de convivencia así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Cumprindo co indicado no Decreto 8/2015, do 8 xaneiro, neste documento defínese o modelo de convivencia, os obxectivos específicos que fai falta alcanzar, as normas que o regulan e as actuacións que se deben realizar para a consecución dos obxectivos proxectados. Polo tanto sinálanse aquí as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro.

Este plan elabórase partindo dunha reflexión conxunta sobre os principais obxectivos do sistema educativo, e particularmente o relacionado coas ensinanzas e actividades asociadas ao centro, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Polo que trata de ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do propio centro. O devandito plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá , sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións preventivas, reducadoras e correctoras.

As normas específicas de convivencia que garanten o cumprimento deste plan de convivencia, están recollidas nas Normas de Funcionamento do Centro (NOF). O Plan de Convivencia, unha vez elaborado, será aprobado polo Consello Social do centro .

1.1 MARCO NORMATIVO

A lexislación asociada á realización e posta en práctica deste documento é a seguinte:

- Lei orgánica 2/2006 educación
- . Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOGA 15/06/2011).
- . Decreto 8/2015, do 8 xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 (DOGA 27/01/15).
- . Orden do 23 de agosto de 2023, pola que se nomea a persoa coordinadora de benestar e convivencia.

Concretamente faise referencia ao plan de convivencia na seguinte normativa:

- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no Plan funcional .
- No artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.
- artigo 10.1, da Lei 4/2011, así como o artigo 11.3, do Decreto 8/2015, establecen que: "O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro."
- artigo 6, do Decreto 8/2015, establece que en cada centro educativo creárase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar.

1.2 ÁMBITO DE APLICACIÓN

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa. As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

1.3 AXENTES RESPONSABLES

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

1.3.1 Consello Social

Funcións:

- a. Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- b. Aprobar o proxecto funcional, e como consecuencia o plan de convivencia e as súas modificacións, xa que o plan de convivencia forma parte do proxecto funcional.
- c. Realizar anualmente o seguimento e revisión do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, tendo presentes as propostas co claustro de profesorado, cumprindo co que establece o artigo 43.2. do Decreto 77/2011, para o proxecto funcional.

1.3.2 Claustro

Funcións:

- a. Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- b. Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c. Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

1.3.3 Comisión de Convivencia.

Composición e funcións.

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A composición da comisión de convivencia ven regulada no artigo 6.2 do Decreto 8/2015 de Convivencia.

Para os CIFP, a Consellería estableceu a seguinte composición:

- Presidente: Director do centro.
- Secretario: Xefe do departamento de información e orientación profesional.
- 1 representante do equipo directivo: Xefe de estudos.
- 2 representantes do profesorado.
- 1 representante do alumnado.
- 1 representante do PAS

No primeiro mes de cada curso completaranse os integrantes da comisión coa elección anual dos representantes do profesorado, do alumnado e do PAS. A comisión reunirase con carácter ordinario, unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia ou á proposta de polo menos tres dos seus membros. Levantarase acta das reunións.

As **funcións** están definidas no artigo 6.4. do Decreto 8/2015, e son as seguintes:

- a. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i. Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

1.3.4 Equipo Directivo

As **funcións** son as definidas no artigo 8 do Decreto 8/2015, sendo as seguintes:

- a. Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, e así coma as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b. Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- c. Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- d. Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- e. Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado.

1.3.5 Órganos de coordinación docente

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia. A función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia e ao Equipo Directivo a información que poda obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e que observe relevante, así como facer propostas neste asunto.

1.3.6 Coordinación de benestar e convivencia.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro docente.

Conta coas seguintes **funcións**:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia .
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o que velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar ao persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, a realizar no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

1.3.7 Familias e institucións.

As familias e institucións con relación coa actividade do centro, deberán coñecer o Plan , polo que estará publicado na páxina web do CIFP, tal e como se indica dentro do apartado 5, sobre a difusión.

1.4 SENSIBILIZACIÓN

Dirección, Xefaturas de Áreas, Departamento de Orientación e Departamento de Calidade e Innovación realizarán accións de sensibilización sobre a necesidade de promover unha convivencia positiva a través da explicación de que é un Plan de convivencia, e o porque da necesidade de contar cun Plan de convivencia do Centro. Coa sensibilización trátase de concienciar da necesidade de conseguir unha boa convivencia no centro educativo, destacando que debe ser unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa. Os compoñentes da comunidade educativa do centro comparten a creación deste plan de convivencia dende o momento de solicitar en distintas reunións de grupos e órganos de coordinación, unhas directrices de referencia para coordinar a aplicación de normas e levar a cabo distintas actuacións que promovan a convivencia. Así mesmo toda a comunidade participou voluntariamente na análise da situación previa sobre a convivencia no centro. Realizáronse reunións explicativas con distintos sectores da comunidade educativa: ciclos, departamentos, titorías de alumnado... recollendo aquelas aportacións de interese para axudar a alcanzar os fins e obxectivos deste Plan. A todo o alumnado, profesorado e PAS;se lle realizou un completo cuestionario sobre a convivencia no centro, do que se obtiveron resultados xerais e tamén valoracións por categorías. Estes datos axudaron á precisar o enfoque de actuacións e medidas que se estiman neste Plan. A comisión de convivencia será a encargada de continuar o traballo da sensibilización e da divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

2 CONTEXTO E ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO.

2.1 Contexto

2.1.1 O centro: historia actualidade do CIFP.

O CIFP Escola de Canteiros é un centro público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, resultado da transformación, neste curso 2024-25 , da antiga Escola de Canteiros dependente da Deputación. A antiga Escola de Canteiros ten unha longa traxectoria en Galicia e é única no mundo. A xunta asume a titularidade e xestión da escola con un dobre obxectivo: recuperar e potenciar este oficio, en perigo de extinción pola falla de relevo xeracional, e adaptalo as novas necesidades e demandas do sector.

Dita Escola fundouse no ano 79 dentro do Mosteiro de Poio e dependendo do Ministerio de Cultura. Tres anos despois pasou a mans da Deputación e no ano 2000 trasladouse a unha parcela cedida pola mancomunidade de montes en San Salvador de Poio. Lugar onde permanece a día de hoxe.

No presente curso académico 2024-25 incorpórase á rede de centros integrados de FP, reforzando a oferta formativa con catro novas titulacións, e mantendo o plan antigo en vías de extinción. Esta oferta deseñouse tendo en conta tamén a crecente demanda das empresas de contar con persoas que dispoñan das competencias necesarias para empregar as últimas tecnoloxía e materiais, co obxecto de ofrecer solucións innovadoras no ámbito construtivo.

2.1.2 Obxectivos, funcións e actividades

Independentemente das circunstancias económicas e sociais, o noso centro debe ofrecer oportunidades formativas flexibles que poidan favorecer un mellor acceso ao mercado laboral, adaptándose a unhas demandas diferentes e máis versátiles.

A oferta formativa dos CIFP en xeral, non só se dirixe a estudantes que optan por ensinanzas profesionais dentro da formación regrada, senón a outros colectivos como persoas demandantes de emprego ou traballadores en activo, así como ás persoas que solicitan un recoñecemento da súa experiencia profesional. Tamén intentamos dar resposta ás necesidades das empresas do entorno, facilitando formación específica e conxuntural naquelas áreas onde se detecten necesidades formativas.

Os CIFP, o noso tamén, diversifican a oferta formativa adaptándoa ás novas fórmulas de certificación e acreditación que facilitarán non só un acceso máis doado ao mercado laboral senón que tamén darán oportunidades de retorno ao sistema regrado de ensinanzas a todas aquelas persoas que así o desexen.

Neste sentido para o CIFP de Cantería de Galicia resultan de especial importancia o servizo de información e orientación profesional para as persoas demandantes de formación, en estreita colaboración con todos os axentes sociais e económicos do noso entorno, así como outras institucións de carácter local e autonómico, que permitirán que se poidan tomar decisións coñecendo a realidade máis inmediata, as posibilidades de acceso ao mercado laboral e as demandas do sector produtivo.

Todo elo require, unha vez máis, da estreita colaboración do CIFP con todos os axentes e actores do contorno e un novo modelo de relación que ata fai pouco tempo non formaba parte da cultura organizativa e de funcionamento do noso centro. Somos conscientes da importancia dos cambios que se están a producir, e esta é unha das nosas liñas de actuación prioritarias.

Para dar resposta ás necesidades do contorno é requisito imprescindible coñecer este, as empresas e outras entidades tanto de carácter produtivo como social, e establecer canles de comunicación, información e colaboración entre as mesmas.

Deberemos analizar e establecer vínculos co contorno, así como desenvolver acordos e convenios con empresas, institucións e outras entidades para o aproveitamento dos recursos dispoñibles.

En resumo a posta en común dos aspectos que rodean o funcionamento do CIFP, débenos aportar referencias para axudar a encadrar certas decisións sobre a forma de actuar cara ao alumnado, co que traballamos coa intención de aportarlle ferramentas para o seu desenvolvemento persoal e laboral.

2.1.3 Oferta educativa, profesorado e alumnado

FPBásica de Reforma e mantemento de edificios

CM de alta especialización en cantería

CM dual Construcción

CS dual Proxectos de edificación

Plan antigo

Este é o primeiro ano que a escola de canteiros funciona como CIFP, polo que ten unha constitución singular. So hai alumnado nos primeiros cursos. Esperamos aumentar a oferta e a demanda nos vindeiros anos ata transformalo nun centro de referencia en construción e pedra natural.

Profesorado: 13

Alumnado: 40

PAS e limpeza: 2-2

2.2 Análise da convivencia e clima de centro formativo.

Hai que ter en conta que este é un centro novo, con moi pouco alumnado de momento. A convivencia en xeral é moi boa . Dos resultados das enquisas salientamos o seguinte:

Alumnado

o 69% dos enquisados responderon que existen conflitos de maneira puntual.

As condutas contrarias á convivencia consideradas polos enquisados como máis habituais son:

60% chegar tarde a clase

60% interromper, molestar no desenvolvemento das clases

50% insultar

30% faltas de respecto do profesorado

30% obrigar a alguén a facer o que non quere

20% dicir rumores ou mentiras

55% opina que os principais conflitos de convivencia desenvólvense durante as clases

23% asegura ter sido prexudicado algunha vez por algunha conduta contraria á convivencia

30% asegura ter sido algunha vez autor de algunha conduta contraria á convivencia

84% opina que falar entre as partes é a mellor forma de resolver conflitos

61% expresa a súa opinión directamente ao profesorado

En canto aos aspectos que mellorarían a convivencia no centro resaltan:

33% coñecer mellor as normas

17% cumprir as normas

3 OBXECTIVOS DO PLAN

3.1 FINS E PRINCIPIOS DO PLAN.

Os obxectivos a perseguir na aplicación do presente Plan, deséñanse utilizando como referente os fins e principios sobre as normas de convivencia nos centros docentes. O referente que se estrutura a continuación debe entenderse que se concreta nos apartados seguintes en obxectivos xerais e específicos enfocados nas actividades propias dun Centro Integrado de Formación Profesional:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) Recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A responsabilidade conxunta das nais e pais e das titoras ou tutores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cando estes sexan menores de idade.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

3.2 OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Os **obxectivos xerais** de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015, que se concretan en:

1. Proporcionar aos órganos de goberno/profesorado: instrumentos/recursos para previr a violencia, facilitar a prevención/detección/tratamento dos conflitos (impulsando no seu tratamento a mediación) e de calquera manifestación de violencia (especialmente, acoso escolar, violencia xénero, xenofobia e racismo)
2. Favorecer a adquisición de competencias básicas sociais que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
3. Concienciar/sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia pacífica.
4. Fomentar a participación de toda a comunidade educativa na convivencia e establecer/incrementar as relacións coas entidades do entorno para a mellora de convivencia.

Do análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en trataras principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Creemos que, en principio, debemos centrarnos en catro liñas básicas: sensibilizar, formar, proporcionar instrumentos e materiais e garantir a participación.

Así os nosos **obxectivos específicos** son:

1. Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia e na responsabilidade de cada un, na creación dun clima de convivencia axeitado.
2. Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa, na

adquisición das habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito, controlalo cando se produza.

3. Dotar de instrumentos para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar materiais para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas e elaborar protocolos para facilitar a labor do profesorado neste tema.

4. Introducir de forma efectiva a coeducación no centro, como medida específica de mellora da convivencia.

4 ACTUACIÓNS E MEDIDAS

Para conseguir o alcance dos obxectivos indicados, planifícanse unha serie de actuacións e medidas, partindo principalmente de:

- Conclusións do diagnóstico previo da situación en todos os ámbitos de relevancia para a convivencia. Da análise da realidade, dos aspectos que funcionan e dos que dificultan a relación óptima entre os integrantes da comunidade educativa.
- Información derivada das revisións do sistema de calidade (especialmente do derivado da análise de riscos e oportunidades).
- Estudo das valoracións feitas dende os diferentes departamentos, sobre propostas de estratexias e actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia escolar.

4.1 ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Os aspectos organizativos que axudarán a levar a cabo actuacións que se planifiquen, basearanse en:

- Eficacia da oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna).
- Adecuación da dispoñibilidade horaria para as actuacións de convivencia no caso do profesorado de FPB.
- Elaboración dun calendario preciso para as ACF, deseñando actividades motivadoras para a formación e favorecedoras da convivencia, evitando a súa vez, solapamentos e informando dos tempos previstos, para tratar de previr a saturación en meses concretos.
- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración do protocolos que faciliten e guíen na forma de actuar.
- Coordinación na FP Básica: entre o profesorado a través dos equipos docentes de todos os grupos, entre os equipos docentes e o resto dos departamentos dos que depende, e a través da eficiente comunicación e coordinación destes axentes dende o equipo directivo.
- Implicación dos titores no tratamento da convivencia nas titorías.
- Especialmente na FPB, debe facerse fincapé no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores. Facilitaráselle aos titores/as o asesoramento necesario, dende o Dpto. de Información Orientación Profesional, para axudalos nesta tarefa.
- Fomentar a implicación dos titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación a convivencia e tolerancia entre iguais (ex: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero, etc.).

- Fomentar o uso de metodoloxías eficaces que aporten ademais valores positivos nas relacións entre persoas (traballos de grupo, obxectivos de grupo, tratamento grupal na resolución de problemas, valoración de resultados conseguidos da suma de aportacións individuais, coavaliación, etc.).

4.2 ACTUACIÓNS

4.2.1 Para garantir a Participación.

Co fin de mellorar a información cara ao alumnado para favorecer a súa participación, actuarase da

- seguinte forma: Publicidade do Plan na páxina web do centro, de forma que o alumnado o coñeza e poida presentar suxestións sobre o mesmo, ben directamente, ou ben a través de Suxestións, queixas, do sistema de calidade. As suxestións poderán ser individuais ou de grupo a través do delegado ou delegada.
- Implicar ao alumnado na mellora e aplicación de normas e directrices que lle afectan na relación co centro, facéndoo partícipe no razoamento sobre a existencia de normas e dos efectos do respecto ás mesmas.
- Informar das normas de convivencia aos pais, nais e persoas ao cargo de alumnado menor de idade; para prever a receptividade sobre o tratamento derivado de posibles actitudes contrarias á convivencia.
- Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes ciclos: Actividades sobre o uso da biblioteca, entroido, celebración do día Internacional contra a violencia de xénero, celebración de días dedicados a temas de interese, actividades de emprendemento, Día das Letras Galegas, etc.
- Simular situacións de traballo real nos sectores relacionados coa formación, de cara apercibir os aspectos positivos do traballo colaborativo.
- Emprego do uso de metodoloxías didácticas baseadas en proxectos e formación colaborativa, que fomenten actitudes de relación social positivas nos ámbitos de traballo.
- Fomento de avaliacións motivadoras e diagnósticas aplicadas ao alumnado para favorecer a autovaloración, de maneira que o propio alumnado se recoñeza sobre o grao de consecución dos logros previstos. Trátase de reducir así os riscos de insatisfacción por erróneas interpretacións dos resultados de avaliacións.
- Charlas dirixidas ao alumnado e profesorado, sobre temas actuais de interese, coa colaboración de organismos como o Concello de Vigo, Cruz vermella, Policía municipal de Vigo, asociacións

4.2.2 Para garantir a Divulgación.

Entre outras, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- Elaboración de cartelería para expoñer nos taboleiros e presentacións para expoñer nas pantallas do centro; sobre conflitos, acoso, etc.
- Campañas de divulgación e coñecemento do plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar. Por exemplo a través de información nos accesos a espazos comúns (cafetería, biblioteca, pasos entre zonas do centro, etc.).
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro para traballar a colaboración entre iguais, e a non discriminación.
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso sexual, violencia sexista, etc., en colaboración con organismos especialistas nestes temas

4.2.3 Materiais de traballo e protocolos

Dende o inicio de cada curso, a través das diferentes reunións de áreas, departamentos e de equipos

docentes, transmitíranse (e posteriormente realizárase seguimento) as indicacións, directrices e obxectivos dos protocolos que se describen:

- Mellora constante no protocolo de acollimento, tanto do alumnado (diferenciando cando é preciso por grupos e modalidades da oferta educativa) como do profesorado (de nova incorporación e substitucións).
- Informar ao alumnado a principio de curso das normas de clase e mais concretamente das normas de convivencia na aula, coa fin de implicalos no cumprimento das mesmas.
- Informar sobre materiais e protocolos de actuación na xestión do conflitos coa fin de mellorar a adquisición de habilidades básicas para manexar as distintas situacións que poidan xurdir.
- Indicacións específicas sobre as funcións do profesorado de garda, co fin de colaborar na aplicación do Plan de convivencia e as normas que o garanten.
- Procedemento para informar de forma temperá aos pais, nais ou persoas ao cargo de alumnado menor de idade; sobre faltas, impuntualidades, rendementos académicos negativos ou actitudes contrarias á convivencia.
- Directrices precisas sobre a organización e repercusión das ACF sobre o alumnado.
- Indicacións sobre a definición clara da sistemática a seguir para a difusión dos aspectos da programación cara ao alumnado, para garantir a calidade da formación impartida.
- Aumentar a eficacia na comunicación para a mellora continua das actividades asociadas ás funcións propias do centro, co fin da detección temperá de fallos e a pronta corrección destes. A mellora nos canles de comunicación, a través de reunións eficientes, entrega e lectura de actas, análise de resultados dos instrumentos de medición do SXC; leva a decisións mellor fundamentadas grazas a unha información suficiente.
- Protocolos de mantemento e de organización de talleres e aulas, que favorecen a percepción positiva do alumnado ao respecto de normas de organización e uso de espazos e instalacións.
- Protocolos sobre o uso de taquillas, indumentaria, organización de obradoiros,...; e as directrices que aplique cada departamento especificamente.

4.3 MEDIDAS OU PROGRAMAS

As medidas de carácter preventivo serán as seguintes:

- Dar a maior publicidade posible, aos dereitos, deberes e normas de convivencia coa fin de garantir o seu coñecemento. Xa se fai fincapé na xornada de acollida e se lles lembra que poden revisalas a fondo na guía do alumnado e na páxina web do centro.
- Definir normas claras de aula, informando sobre as consecuencias do incumprimento de ditas normas.
- Revisar e actualizar periodicamente o Plan de Convivencia.
- Realizar a nivel de centro actividades de igualdade, contra violencia, acoso, etc
- Traballar na titoría actividades que traten valores curriculares como tolerancia, respecto mutuo, diálogo, etc.
- Implicar ao alumnado e dar fluidez aos canles de información entre eles, tutores, equipos docentes.
- Programas de formación do profesorado que oferten formación interna nesta materia.
- Protocolos de actuación publicados pola Consellería.
- Información, por parte de cada profesor, das normas de convivencia de aula ao seu alumnado.

- Información ás familias dos alumnos de FPB, ao inicio de cada curso, dos protocolos existentes para a comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado menor de idade.
- Difusión do protocolo xeral de acoso e ciberacoso escolar.
- Difusión do protocolo de urxencias sanitarias e enfermidades crónicas.
- Difusión do procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.

4.4 PROTOCOLO ANTE O ACOSO ESCOLAR.

É importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

Nos seguintes apartados resúmense os aspectos principais sobre a identificación, consecuencias, prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. (os Anexos aos que se fai referencia neste punto 4.4, pertencen ao protocolo antes mencionado que figura na páxina web indicada)

4.4.1 Identificación do acoso escolar e ciberacoso e tipos

Deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima

Criterios de identificación de acoso escolar	
Intención de facer dano	Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que fai dano conscientemente
Repetición das condutas agresivas	- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. - A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.
Duración no tempo	- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente - Tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.
Presenza de desigualdade de poder	- Esquema de abuso de poder entre a vítima e a persoa ou persoas agresoras - Situación de indefensión para a vítima, que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación

Tipos de acoso escolar		
Exclusión e marxinação social	Activa	Non deixar Participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos
	Indirecta	Falar mal de alguén as súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agochar cousas ,roubar
Maltrato mixto	Ameazas Chantaxe	
Acoso sexual físico		
Acoso sexual verbal		
Ciberacoso	Fustigamento	Envío de mensaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, ameazas...
	Exclusión	Usar contornos públicos para enviar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, negar o acceso a foros ou plataformas á vítima
	Manipulación	Difundir información de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, acceder coa clave doutra persoa e realizar accións no seu nome que poidan prexudicala.

4.4.2 Consecuencias do acoso escolar

Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.

Para a/s persoa/s agresora/s: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.

Para os/as compañeiros/as observadores/as: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelaxe equivocada da valía persoal.

4.4.3 Prevención

Estratexias de prevención de acoso escolar

- Difusión á Comunidade Educativa do Plan de Convivencia, das normas de convivencia e dos dereitos e deberes.
- Campañas divulgativas sobre acoso escolar e a súa prevención.
- Desenvolvemento de programas e actividades complementarias á formación a nivel Centro,
- Departamentos e Ciclos que promovan a educación en valores e a convivencia: promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, promoción da tolerancia, solidariedade, respecto á diversidade.
- Organización de charlas e obradoiros para a Comunidade Educativa sobre acoso escolar e ciberacoso (Entre outras, as establecidas dentro do Plan Director para a mellora da convivencia escolar: Acoso escolar e uso seguro de internet)
- Formación do profesorado en resolución de conflitos.
- Posta en marcha do programa de Mediación Escolar.
- Deseño e desenvolvemento de actividades titoriais que favorezan a integración, o traballo en equipo, as habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos, con especial incidencia na Formación Profesional Básica.

4.4.4 Detección

- Campañas divulgativas sobre a detección (indicadores)
- Habilitar unha canle para a comunicación das situacións de acoso escolar: buzón de SQR, correo electrónico de solicitude axuda
- Detección nas reunións de equipo docente e sesións de avaliación.
- Detección nas entrevistas con familias ou alumnado
- A través da vixilancia das zonas comúns (no caso da FP Básica)
- Aplicación e valoración de test sociométricos, principalmente nos grupos de FP Básica.

5 DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa. Para conseguir a necesaria difusión entre a comunidade educativa, realizaranse as seguintes accións:

- Difusión na páxina web do centro.
- Alumnado: na xornada de acollemento darase a coñecer o plan de convivencia.
- Profesorado: Informarase no primeiro claustro do curso sobre o plan de convivencia e a súa importancia.

- Informarase ao Persoal de Administración e Servizos e ao Persoal de Limpeza sobre todos os protocolos existentes relacionados coa convivencia.
- Informar ao alumnado a principio de curso das normas de clase e mais concretamente das normas de convivencia na aula, coa fin de implicalos no cumprimento das mesmas.
- Informar sobre materiais e protocolos de actuación na xestión do conflitos có fin de mellorar a adquisición de habilidades básicas para manexar as distintas situacións que poidan xurdir.

6 SEGUIMIENTO DO PLAN

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas a este.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

7 PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN E A CONCRECIÓN DE PROPOSTAS DE MELLORA

7.1 Avaliación e revisión.

Nestas reunións valorará o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

7.2 Propostas de mellora e actualización.

Realizarase a correspondente memoria anual, que recollerá toda as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparezan. Ademais hai que ter en conta as propostas de mellora que poden presentar as partes interesadas, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o positivo clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflitividade e condutas negativas detectadas, que inciden de xeito moi negativo no clima do grupo e no seu rendemento, e ten unha relación directa co

fracaso nos estudos e no posterior abandono dos mesmos. O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, prioritariamente a principios de cada un, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorarase o grado de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizarase o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Para a realización do seguimento e avaliación do plan de convivencia utilizarase o seguinte cadro:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN(0-10)	ASPECTOS A CONSIDERAR
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		<ul style="list-style-type: none"> Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? ► Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso curso anterior. anterior? ► Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?
Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10		<ul style="list-style-type: none"> Recolle valores e actitudes (acolida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? ► Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10		
Renovación do plan de convivencia. Non se renova:0 Renóvase anualmente:10		<ul style="list-style-type: none"> Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? O plan avalíase anualmente e fanse propostas de mellora?
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. ►Non se desenvolveu ningunha:0 Desenvolvéronse todas: 10		<ul style="list-style-type: none"> Faise un seguimento periódico do plan? As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista? ► O desenvolvemento das actividades produciu os efectos previstos
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa Moita implicación:10		<ul style="list-style-type: none"> Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?

<p>Ningunha implicación:0</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? • Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? • Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
<p>Funcionamento da comisión de convivencia do centro. Moi deficitario: 0 Excelente:10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Cantas veces se reuniu ao longo do curso? • Cales foron os principais temas tratados? • Realizou o seguimento do plan de convivencia? • Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?
<p>Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia. Non existiu:0 Foi moi alta:10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? • Dáse resposta ás súas necesidades formativas? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/ as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? • Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
<p>Actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia para membros da comunidade educativa? Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? • Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade?
<p>Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas en función das características específicas. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos claros e definidos de actuación? • Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? • Existe un procedemento de actualización dos protocolos? • Son coñecidos por toda a comunidade educativa e as versións actualizadas están a disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles.
<p>Existencia e coñecemento de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? Non existen:0 Existen e aplícanse con eficacia :10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos claros e definidos de actuación? • Inclúen eses protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? • Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? • Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? • A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima.

<p>Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existe un protocolo? • Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia. • Está elaborado e utilízase na aula de convivencia un programa de habilidades sociais?
<p>Existencia de procedementos conciliados de resolución de conflitos. Non existe: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existe mais dun protocolo conciliado de resolución de conflitos de convivencia • O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? • Cando se utilizaron os ditos procedementos , favoreceron a resolución do conflito?
<p>Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión así como a mellora da convivencia a través do éxito académico. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? • Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado • Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico. • Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación Pedagóxica • Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? • Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?
<p>Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. Non existe:0 Existe e é moi eficaz: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Está elaborado o programa de habilidades sociais? • Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? • Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?
<p>Valoración global da situación de convivencia no centro. Moi negativa:0 Moi positiva: 10</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa convivencia no centro? • Cales son as principais propostas de continuidade e mellora.

